



CONCELLO DE REDONDELA

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN E UTILIZACIÓN NA VÍA PÚBLICA DE MESAS, CADEIRAS, PARASOLES E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS QUE CONSTITÚAN ACTIVIDADE DE HOSTALARÍA CON FINALIDADE LUCRATIVA**

### **Artigo 1.- Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 20.3.l) e 57 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do citado texto, este Concello acorda a imposición e ordenación da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, parasoles, toldos e outros elementos análogos, que constitúan actividade de hostalaría con finalidade lucrativa.

### **Artigo 2.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público municipal en beneficio particular, conforme a algún dos supostos citados no feito imponible.

### **Artigo 4.- Cota tributaria.**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

### **Artigo 5.- Beneficios fiscais.**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

### **Artigo 6.- Devengo.**

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento de presentar unha solicitude, nova ou de renovación, de licenza ou autorización.

### **Artigo 7.- Liquidación e ingreso.**

Liquidarase e esixirase a taxa en calidade de depósito previo, en todo caso, antes de iniciarse o trámite do expediente de licenza ou autorización do aproveitamento solicitado.

Para os períodos impositivos iguais ou superiores a seis meses contémpanse as seguintes posibilidades de pagamento:



## CONCELLO DE REDONDELA

- Pagamento da totalidade do importe da taxa no momento de presentar a solicitude de licenza.
- Pagamento do 50% do importe total da taxa no momento de presentar solicitude de licenza e do 50% restante transcorrida a metade do período de tempo concedido. De utilizarse esta opción será obrigatoria a domiciliación bancaria do 2º pagamento. A opción desta modalidade de pagamento deberá formularse expresamente no momento da solicitude.

De realizarse o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar licenza ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para as liquidacións de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

### **Artigo 8.- Período Impositivo.**

O período impositivo será o seguinte:

- Licencia por días: o período impositivo serán os días naturais cun mínimo de 7 e un máximo de 179 días, contados de data a data.
- Licencia semestral: o período impositivo será o semestre contado de data a data.
- Licencia anual: o período impositivo será o ano contado de data a data.

No momento de facer a solicitude as persoas interesadas especificarán o período impositivo polo que optan e para o que desexan obter autorización.

### **Artigo 9.- Normas de Xestión.**

As persoas ou entidades interesadas na licenza ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa, deberán presentar unha solicitude axustándose ao indicado na ordenanza municipal reguladora das instalacións e utilización na vía pública de mesas, cadeiras, parasoles e instalacións complementarias que constitúan actividade de hostalería con finalidade lucrativa.

No caso de denegarse a licenza ou autorización, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

### **Artigo 10.- Infraccións e sancións.**

Nesta materia seguirase o disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

### **Disposición final.**

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte á súa publicación, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derrogación expresa.



CONCELLO DE REDONDELA

**Anexo 1.**

<b>Rúa</b>	<b>Tipo Mesa</b>	<b>TARIFA DIARIA (€/día)</b>	<b>TARIFA SEMESTRAL (€/semestre)</b>	<b>TARIFA ANUAL (€/ano)</b>
1ª CATEGORÍA	Mesa Estándar	0,41	44,28	59,86
	Mesa estándar con complementos	0,49	52,92	71,54
	Mesa estándar con só dúas cadeiras	0,25	27	36,5
2ª CATEGORÍA	Mesa estándar	0,33	35,64	48,18
	Mesa estándar con complementos	0,39	42,12	56,94
	Mesa estándar con só dúas cadeiras	0,21	22,68	30,66
3ª CATEGORÍA	Mesa estándar	0,21	22,68	30,66
	Mesa estándar con complementos	0,25	27	36,5
	Mesa estándar con só dúas cadeiras	0,13	14,04	18,98



CONCELLO DE REDONDELA

**Anexo 2.**

**Categoría das rúas:**

TIPO DE VÍA	RÚA	TRAMO (números)	CATEGORÍA
Praza	J. Figueroa		1ª
Praza	Constitución		1ª
Praza	S. Apóstolo		1ª
Rúa	J. Regojo		1ª
Paseo	Xunqueira		1ª
Praza	Ribadavia		1ª
Rúa	X.M. Pereira	2-12	1ª
Rúa	Casto Sampedro		1ª
Rúa	Alfonso XII		1ª
Rúa	M. frío		1ª
Rúa	Ribeira		1ª
Rúa	X. Rubín		1ª
Paseo	Da praia ( cesantes )		2ª
Rúa	Alto de Ostrás ( cesantes )		2ª
Rúa	Sta. Mariña		2ª
Praza	Fonte do Mouro		2ª
Av.	Mendiño		2ª
Praza	Ponteareas		2ª
Rúa	P. Crespo		2ª
Rúa	Padre Sarmiento		2ª
Av.	E. Otero		2ª
Rúa	8 Marzo		2ª
Rúa	Salgueiral		2ª
Rúa	Estrada de Vigo ( Redondela)		2ª
Rúa	Da leña		2ª
Rúa	Calella D. Basilio		2ª
Av.	Vigo	2 a 198/1 a 111	2ª
Av.	Vigo	200 a 242/113 a 165	1ª
Av.	Vigo	244 a 328/167 a 261	2ª
Paseo	Duran Troncoso( praia Arealonga)		1ª
Rúa	San Telmo		1ª
Av.	Redondela	2 a 78/1 a 31	2ª
Av.	Redondela	80 a 88/33 a 59	1ª
Av.	Redondela	90 a 148/61 a 123	2ª
	Resto rúas, avdas., etc.		3ª